


MÉTODOS. O comentario de gráficos


Un **gráfico** é unha técnica de representación que relaciona conceptos con variables numéricas. Os gráficos coméntanse utilizando a metodoloxía habitual no comentario de documentos, aínda que é necesario adquirir certas destrezas de lectura e análise para non cometer erros de interpretación.

1. Os principais tipos de gráficos

- a) **Os gráficos de liña continua ou gráficos de evolución.** Utilízanse para representar datos que manteñen unha continuidade e dos que se pode deducir unha evolución.




- b) **Os gráficos de barras ou histogramas.** Utilízanse para representar datos sen continuidade evolutiva, pero comparables por ser da mesma categoría.




- c) **Os gráficos circulares de sectores ou en roda.** Serven para representar proporcións, medidas en porcentaxes. Son de grande utilidade para apreciar unha situación maioritaria con relación a outras que se reproducen con menor frecuencia.


– Resulta moi eficaz a comparación de dous ou máis gráficos circulares para ver unha evolución:



– Ou para comparar dúas situacións contemporáneas sobre un mesmo aspecto:



d) O **gráfico cuadrículado**. Este tipo de gráfico utilízase para representar proporcións. Consiste nun gran cadrado dividido en 10 por 10 cadrados. Cada sector ocupa un número determinado de cadrados en función da súa porcentaxe.



2. A análise e o comentario dun gráfico

2.1. A lectura

- O **título** axudará a coñecer o tema que se representa. Unha vez descifrado o tipo de gráfico, é preciso coñecer as unidades empregadas, as escalas e a natureza dos datos.
- Por exemplo, no gráfico da evolución da poboación mundial, represéntase a evolución da poboación (en millóns de habitantes) desde 1750 ata 1999; tamén figura unha proxección da poboación para o ano 2010. Cada liña representa a evolución da poboación dun continente. É un gráfico de liña continua.

2.2. A descrición

- Dun gráfico dedúcese unha **tendencia** xeral observando as variables máximas e mínimas. É preciso facer notar se a devandita tendencia responde a un **proceso evolutivo** (como é o caso da gráfica sobre a evolución da poboación mundial) ou indica a **proporción** dun contido (como é o caso dos gráficos de sectores). No gráfico da poboación mundial dedúcese como tendencia xeral un aumento da poboación mundial na segunda metade do século XX.

- Unha vez precisada a tendencia xeral, cómpre analizarlo **conxunto** das variacións da gráfica. Na evolución da poboación mundial dedúcese un aumento da poboación en todos os continentes, aínda que son os continentes con áreas subdesenvolvidas (Asia, África, América) nos que a poboación aumentou máis rapidamente. Asia foi o continente máis poboado ó longo de toda a Historia, pero o seu crecemento no século XX foi espectacular e cuadruplicou a súa poboación. Europa, o segundo continente máis poboado a principios do século XX, vai ser superada por África e América no ano 2010.

2.3. O comentario

- Para comentar o gráfico é necesario recorrer ó **contexto** histórico e xeográfico e explicar as **causas** e os **efectos** dos datos achegados.
- No gráfico do crecemento da poboación pódese recorrer ós datos sobre a evolución demográfica mundial durante a segunda metade do século XX: crecemento moderado no mundo desenvolvido debido ó forte descenso da taxa de natalidade, rápido crecemento no mundo subdesenvolvido debido ó mantemento de altas taxas de natalidade. Desta situación dedúcense fortes desequilibrios demográficos entre o mundo rico e o mundo pobre.

2.4. A conclusión

- Supón realizar unha **síntese** do contido do gráfico e **valoralo** tema en función da súa importancia xeográfica ou histórica.
- Por exemplo, no gráfico da evolución da poboación pode formularse o problema que subxace no desigual crecemento demográfico, o problema do descontrolado crecemento no Terceiro Mundo, a presión demográfica dos países máis pobres sobre os máis ricos, etc.